

ASISTENTES

Carmona Ramírez, Jessica Alejandra (EST.)
Cid Vera, Luis Saúl (EST.)
Michinel Álvarez, Miguel Ángel (SECRET.)
Novás Míguez, Javier (PAS)
Reigosa Roger, Manuel Joaquín (PRESID.)

DESCULPA ASISTENCIA

Ríos Santomé, María José (PAS)

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 21 de maio de dous mil vinte un, convocada ás 09:15 h. en primeira convocatoria e ás 09:30 h. en segunda na sala 16 do Campus Remoto.

O día **21 de maio de 2021** ás 09:15 h. deu comezo a xuntanza extraordinaria da Comisión Electoral, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

Punto único: resolución da consulta do Departamento H12, de traducción e lingüística

Acadado o quórum comeza a reunión ás 9:15 consonte á seguinte orde do día:

Punto único: resolución da consulta do Departamento H12, de traducción e lingüística.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral quen explica que a xuntanza foi motivada pola consulta do Departamento h12 en relación coas eleccións a Director/a do Departamento, explicando que foi resolta xa mediante informe da Asesoría pero, ante as dúbidas que persistían sobre un punto concreto, desde o Departamento solicitaron a intervención da comisión. Propóñese responder do seguinte xeito:

Aos efectos do indicado no regulamento electoral xeral (REX), enténdese por “días lectivos” aqueles nos que, segundo o disposto no calendario académico correspondente ao curso vixente, caiba desenvolver actividade docente lectiva nas titulacións de grao e máster xestionadas por cada centro ou departamento involucrado nun proceso electoral.

Asemade, lémbrese que, segundo o artigo 25.3º REX, “agás circunstancias excepcionais apreciadas pola comisión electoral ou pola xunta electoral, segundo corresponda, as eleccións reguladas neste título convocaranse unha vez finalizado o prazo ordinario de matrícula do curso vixente no momento da convocatoria e as votacións terán lugar en días lectivos, fóra dos períodos oficiais de exames, e cunha antelación previa de sete días como mínimo ao inicio da realización dos citados períodos”; correspondendo á xunta electoral apreciar se existe neste caso a excepcionalidade indicada que, de afirmarse, deberá ser convenientemente xustificada.

A maiores, poderase aclarar desde a Secretaría que o día da votación inexcusablemente será non lectivo, podendo axustarse o desenvolvemento do calendario ao resto das indicacións do artigo 25.3º.

Apróbase por asentimento a proposta.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 09:25 h do día 21 de maio de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral